



Santiago, 14 de decembro de 2017

Estimados pais/nais:

O vindeiro luns 18 de decembro ás 11:00h da mañá o Colexio San Francisco Javier ten reservada a pista de patinaxe sobre xeo montada polo Concello de Santiago de Compostela no Parque da Alameda.

Trátase dunha actividade vencellada á educación física e aos hábitos de vida saudables que traballamos no centro e coa que tratamos de promover a participación nas actividades culturais e de lecer organizadas polo Concello.

A esta actividade acudirá todo o alumnado do centro e **ten un custo de 4 euros** por persoa.

A saída do centro será ás 10:30h e a chegada ás 12:30h.

Para asistir a esta saída os alumnos/as **deberán entregarlle o boletín de autorización** debidamente cumprimentado ao titor correspondente antes do luns 18 **xunto cos 4 euros**.

Recordámosvos que é obrigatorio o uso de luvas e levar o chandal do Colexio para poder patinar.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.

O xefe de estudos,



Asdo.: Manuel Cuervo Martínez

*****RECORTAR POR ESTE TREPADO E DEVOLVER ASINADO*****

BOLETÍN DE AUTORIZACIÓN

D./Dna.: _____ con N.I.F.: _____ - ____

autorizo o meu fillo/a _____

para que asista á pista de patinaxe sobre xeo no Parque da Alameda o luns 18 de decembro de 2017.

O pai/nai

Asdo.: _____